

CORPORACIÓN MUNICIPAL

Representación da Corporación municipal en órganos colexiados.

Decreto da Alcaldía delegando a Presidencia do Consello Económico e Social (CES)

Examinado o expediente para o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados nos que o Concello deba ter representacións, tramitado como consecuencia da renovación da Corporación resultante das eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 26.05.2019, resultan relevantes os seguintes feitos:

O artigo 4 do Regulamento do CES establece que o Presidente será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Tendo en conta as múltiples ocupacións do Alcalde e considerando o anteriormente exposto e as facultades de autoorganización que as leis lle atribúen, esta Alcaldía:

DECRETA:

Primeiro.- Delegar a Presidencia do CES na concelleira de goberno delegada da área de área de Réxime interior, contratación e promoción da cidade, Anabel Gulías Torreiro.

Segundo.- Comunicar os nomeamentos relacionados aos grupos políticos municipais e á secretaría delegada do CES.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Así o decreta e ordena o Sr. Alcalde en Pontevedra á data da sinatura, ante o Secretario da Administración municipal, que da fe do acto.